



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN FUNCIONES

Asunto: Apertura do trámite de consulta pública previa para tramitar a aprobación do Regulamento de réxime interno do espazo de traballo colaborativo de coworking Casa do Pescador do concello de Miño

O regulamento que se pretende aprobar teñen por obxecto establecer unhas normas básicas e criterios de uso reguladores da convivencia, as actividades, a axeitada utilización de espazos (oficinas, espazos de traballo/salas de xuntas), servizos e elementos comúns dos locais do Espazo de Traballo Coworking Casa do Pescador do Concello de Miño, na rúa Curro, número 33.

O Coworking Casa do Pescador facilitaralles ás persoas usuarias a posibilidade de dispoñer dun espazo de traballo dotado dunha serie de servizos e infraestruturas comúns que, propiciando a relación con outras empresas e/ou profesionais nunha situación similar, melloren as súas posibilidades de crecemento, consolidación e éxito empresarial.

Estas instrucións aprobaranse cumprindo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local) e a normativa básica estatal e autonómica vixentes en cada momento.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o artigo 4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia atribúenlles expresamente a potestade regulamentaria aos municipios.

Pola súa banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria dos órganos de goberno locais.

Segundo.- A competencia, necesidade e idoneidade dunhas instrucións de acceso ao espazo de traballo colaborativo de coworking Casa do Pescador do concello de Miño están xustificadas polas necesidades que se describen no apartado anterior desta resolución.

Terceiro.- En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamentos cómpre ter en conta o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. En concreto, o seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, realizarase unha consulta pública, a través do portal WEB da administración competente na que se recadará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma sobre:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.



d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

Polo exposto, esta **Alcaldía en funcións**, no uso das atribucións legalmente conferidas, **RESOLVO**:

Primeiro. Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación dun regulamento de réxime interno do espazo de traballo colaborativo de coworking Casa do Pescador do concello de Miño, a través do portal de transparencia do Concello de Miño (https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/portal_transparencia/), durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan achegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo 1 deste acordo.

Segundo. Dar traslado deste acordo ao servizo correspondente para a posta en marcha do trámite de consulta a través do portal de transparencia da sede electrónica municipal.

Terceiro. Comunicar este acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia.

ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

Antecedentes

En cumprimento do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á elaboración dun regulamento de réxime interno ao espazo de traballo colaborativo de coworking Casa do Pescador do concello de Miño, realizarase unha consulta pública a través do portal web deste Concello para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os apartados seguintes:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

Establecer unhas normas básicas e criterios de uso reguladores da convivencia, as actividades, a axeitada utilización de espazos (oficinas, espazos de traballo/salas de xuntas), servizos e elementos comúns dos locais do Espazo de Traballo Coworking Casa do Pescador do Concello de Miño, na rúa Curro, número 33B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Recoñécense como fins xerais do Coworking Casa do Pescador os seguintes:

- Impulsar a creación, posta en marcha e consolidación de empresas en Miño, preferentemente nos eidos do turismo, novas tecnoloxías, dixitalización e as profesións técnicas.
- Fomentar a cultura colaborativa e o traballo en común.
- Apoiar e asesorar ás persoas emprendedoras no proceso de posta en marcha do seu proxecto.
- Axudar no desenvolvemento empresarial para a consolidación das empresas.
- Cooperar con outras institucións que apoiem á creación de empresas. Contribuír á diversificación da estrutura produtiva local e provincial, así como á xeración de emprego de calidade.
- Crear espazos para a reflexión, participación e cooperación de todos os actores locais,



tanto públicos como privados, implicados na promoción económica e o desenvolvemento local.

- Fomentar a cultura emprendedora e a utilización de prácticas innovadoras nos diferentes ámbitos da vida.
- Establecerse como un punto de encontro de emprendedores e empresas.
- Colaborar no desenvolvemento de calquera acción que sirva aos fins anteriores.

C) Obxectivos da norma

Regular o uso do espazo de traballo coworking Casa do Pescador.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Carécese de regulación municipal que estableza unhas normas de uso deste espazo colaborativo coworking Casa do Pescador, por ser un espazo de nova creación.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde en funcións

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria municipal

Alejandra Rodríguez Menéndez